

Ilmo Sr. José María Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais
Xunta de Galicia

Os abaixo asinantes, membros da **Xunta Técnico Asistencial e persoal do Complexo Hospitalario de Pontevedra**, desexamos manifestar o noso profundo malestar pola evolución que está tomando o Plan Funcional do noso Complexo.

O obxectivo da fusión dos dous hospitais, que finalizaría coa construción dun novo edificio na área de Montecelo e que unificaría todas as áreas médico-cirúrxicas, está paralizado, e se que se vexa de que se leve adiante.

Malia os múltiples intentos promovidos nos últimos meses pola propia Xunta Técnico Asistencial para desbloquear esta situación, tense chegado ao convencimento de que as entidades implicadas (SERGAS, Concello e Deputación Provincial) están antepoñendo intereses partidistas aos do ben da cidadanía da Área Norte de Pontevedra.

Temos asistido preplexos a un diálogo de xordos de máis de tres anos de duración entre estas entidades, e non admitiremos que desacordos políticos leven á deriva definitivamente un Plan, non só importante senón imprescindible, para acadar a asistencia sanitaria que os nosos pacientes esixen e merecen.

Diante desto, reservámonos o dereito a tomar as medidas necesarias para que non se da marcha atrás da IV Fase do Plan Funcional, polo que esiximos que se asuman as responsabilidades e se procuren as solucións definitivas para levar adiante un proxecto xa planificado, comprometido e divulgado.